



Resolución do 24 de outubro de 2017, da Universidade da Coruña, pola que se modifica o prazo de resolución e adxudicación de axudas do mes de decembro de 2017 da Convocatoria de Axudas de Custo para a mobilidade de PDI e PAS da UDC no marco do Programa Erasmus + (STT).

O 7 de xullo de 2017 publícase a Convocatoria de Axudas de Custo para a mobilidade de PDI e PAS da UDC no marco do Programa Erasmus + (STT) para o curso académico 2017/18, indicándose no artigo 9.C que os prazos de resolución das axudas do custo serán o último día hábil de cada mes para as solicitudes recibidas ata dous días antes do dito día hábil no mes natural en que se publicará a resolución.

Por cuestións de peche do exercicio económico do ano 2017 só e posible tramitar axudas ata o 15 de decembro, polo que

RESOLVO

Modificar o prazo de presentación e resolución das axudas da Convocatoria STT para o mes de decembro, establecendo como prazo límite de resolución o 15 de decembro incluíndo todas aquelas solicitudes completas recibidas ata dous días hábiles antes da dita data.

As solicitudes recibidas entre o 15 e o 31 de decembro incluíranse na resolución do mes de xaneiro 2018, sempre e cando se axusten ao requirido na convocatoria.

A presente resolución entrará en vigor o día da súa publicación no taboleiro electrónico da UDC.

A Coruña, 24 de outubro de 2017
O reitor,

Julio E. Abalde Alonso